



REGRAMENTO DOS PREMIOS MARCELA E ELISA

O 8 de xuño de 1901 oficiouse na igrexa de San Xurxo da Coruña o primeiro matrimonio entre dúas persoas do mesmo sexo do que se ten rexistro en España. Polo tanto, podemos considerar a Marcela e Elisa como pioneiras dos dereitos LGTBI do noso país, xa que desafiaron todo tipo de normas e convencións a comezos do século pasado.

A súa historia caeu no esquecemento e, incluso na nosa cidade, poucos coñecían a súa fazaña. Grazas o labor de investigación do profesor Narciso de Gabriel recuperouse a súa historia a comezos do século XXI.

O asociacionismo LGTBI da Coruña, foi tamén clave para rescatar do esquecemento a estas dúas mulleres valentes. Dende o ano 2001 outórganse estes galardóns que as homenaxean.

As normas básicas polas que se rexerán os premios “Marcela e Elisa” son as seguintes:

1. Os premios teñen como fin recoñecer o labor de persoas, non pertencentes a asociacións ou colectivos LGTBI, ou entidades da Coruña e a súa comarca que destacasen pola súa defensa en prol dos dereitos da nosa comunidade.
2. Os Premios Marcela e Elisa son de carácter honorífico e, como tal, non terán dotación económica algunha.
3. Tentarase, na medida en que sexa posible, outorgar os galardóns de tal maneira que se reflita a diversidade que existe na sociedade e no colectivo.
4. Os premios entregaranse de maneira anual na primeira quincena de xuño, coincidindo coa data do aniversario de vodas de Marcela e Elisa (8 de xuño 1901); agás que por causas excepcionais a asociación por maioría simple decida en xuntanza ordinaria ou asemblea modificar a data da entrega.
5. Cada ano entregarase un único galardón, sempre e cando non sexa un ano de especial relevancia histórica para o colectivo LGTBI e a asociación decida por maioría cualificada de dous terzos en xuntanza ordinaria ou asemblea, outorgar un segundo premio.
6. Durante a primeira quincena de abril, as persoas asociadas poderán remitir as súas propostas de candidatura á secretaria da asociación. Na segunda quincena do mes de abril, en xuntanza ordinaria ou asemblea someteranse a votación as candidaturas. No caso de que ningunha das candidaturas obtivese unha maioría absoluta dos votos emitidos, as candidaturas que obtivesen a lo menos o 25% dos votos emitidos pasarán a unha segunda volta. De non acadarse de novo unha maioría absoluta dos votos emitidos, pasarán á seguinte fase as dúas candidaturas que obtiveran maior número de apoios nas dúas primeiras voltas. No caso de empate nunha hipotética terceira rolda o voto da presidencia contará como dobre, na súa ausencia, seguirase a orde xerárquica da estrutura orgánica da asociación e a antigüidade (1. vicepresidencia, 2. secretaria, 3. tesouraría e 4. persoa asociada con maior antigüidade).
7. ALAS A Coruña resérvase o dereito de cancelar o premio por unha edición ou edicións sucesivas por maioría cualificada de dous terzos en xuntanza ordinaria ou asemblea. Os imprevistos que poidan producirse serán resoltos pola propia entidade puidendo cancelar a entrega do premio unha vez sexa anunciado.
8. Baixo ningunha circunstancia estes galardóns poderán premiar a persoas que ocupen postos políticos de responsabilidade pública ou cargos orgánicos dentro da estrutura dun partido. Do mesmo xeito, tampouco poderán optar a estes premios, persoas asociadas de ALAS A Coruña.

Este regramento foi aprobado na xuntanza ordinaria de ALAS A Coruña o 11 de outubro de 2019.

O secretario:

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Carlos Manuel Tilve Álvarez'.

Carlos Manuel Tilve Álvarez

O presidente:

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Carlos Emilio Mella Casal'.

Carlos Emilio Mella Casal

